

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento funcionarios en prácticas, prazas policía local acceso libre (4)

Anuncio

Por resolución núm. 1730 do alcalde do Concello de Culleredo de 11 de outubro de 2024 resolveuse o seguinte, que en extracto di:

“**Primeiro:** Levantar o reparo UIT18I01TZ que formula a intervención municipal xeral e avocar a competencia para continuar coa tramitación do expediente”

Segundo: Nomear funcionarios en prácticas da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, grupo C1, con dereito ás retribucións que legalmente lles corresponda en dita situación, nos termos previstos nas bases da convocatoria e con efectos dende o comezo do curso selectivo de formación convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, na cal se indicará a data de inicio, e ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do procedemento selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI
IVAN BARREIRO IGLESIAS	***0265**
ÁLVARO FRANCO GARCÍA	***8894**
ÁNGEL RÁBADE LEDO	***5038**
ROCÍO ESCOLANTE PÉREZ	***4076**

O gasto farase con cargo ás partidas: 132.12403, 132.12400 e 132.12401.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Culleredo, 11 de outubro de 2024
A concelleira de Cohesión Social,
Recursos Humanos e Réxime Interior
Marta María Figueroa Fuentes
PD. Resolución núm. 1260/2023, do 04.07.2023
(BOP núm. 131, do 11.07.2023)